

25 Marzo de 2013 - Revista 912

Revista Se manal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 10

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 13

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Aula Xuventur. Vive a Cidade no LUG2



Martes, 19 Marzo 2013 10:40

Aula Xuventur está dirixido ao alumnado de educación secundaria obrigatoria (ESO), 1.º curso de bacharelato e 1.º ciclo de grao medio, que curse os seus estudos nos centros de ensino galegos e non teña cumpridos os 18 anos.

MÓDULO II. ABRIL

VIVE A CIDADE

O módulo II da edición de Aula Xuventur 2013 terá lugar na residencia xuvenil de Lug 2, en Lugo, coa actividade Vive a Cidade, na que poderán participar ata 300 mozos e mozas galegos/as.

QUENDAS

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ABRIL				3	4	5
	8	9	10	10	11	12
	15	16	17	17	18	19
	22	23	24			

A hora de chegada ao albergue será ás 11:00 horas da mañá do primeiro día e a hora de saída será ás 12:00 horas da mañá do último día.

PARTICIPANTES

Alumnos/as de entre 12 e 17 anos que estean cursando educación secundaria obrigatoria (ESO), 1.º curso de bacharelato e 1.º ciclo de grao medio.

- **Grupos por quenda:** Poderase elixir grupo dependendo do número de alumnos/as, ata un máximo de 50 alumnos/as por quenda.
 - Grupo 20: 20 alumnos/as + 1 docente gratis.
 - Grupo 40: 40 alumnos/as + 2 docentes gratis.
 - Grupo 50: 50 alumnos/as + 3 docentes gratis.

O programa permite a integración de participantes con algún tipo de discapacidade (1 por quenda). Tamén está aberto a reserva de quendas a centros de discapacidade intelectual.

DESCRIPCIÓN

- **Obxectivo xeral:** achegar a cidade de Lugo aos participantes, a través de diferentes actividades lúdico- formativas nas que os rapaces sexan os verdadeiros protagonistas.

- **Obxectivos específicos:** espertar o espírito creador, a imaxinación e a experimentación; crear espazos de traballo grupal, no que se respecte a expresión individual; enriquecer a cultura da mocidade a través do uso das novas tecnoloxías, resaltar a importancia da historia para poder innovar; traballar sobre os estereotipos da xuventude sobre a súa cultura...

ACTIVIDADES

- **Interpretación do patrimonio:** gran descuberta polo Lugo romano con xogo de orientación con gps.
 1. Cartografía e planimetría.
 2. Xogos de orientación urbana.
 3. Xogo de rol interpretativo.

- **O teatro interpretativo no patrimonio histórico- artístico:** gran xogo de construción do lipdub urbano.

1. Dinamización urbana a través do lipdub.
2. Aplicacións tecnolóxicas para o lipdub: aula videocreación.

- **Fotografía creativa.**

1. O ollo que todo o ve: obradoiro de fotografía creativa.
2. Exposición fotográfica na rúa coas creacións fotográficas dos rapaces: Lugo Romano: creatividade entorno á cidade da Muralla Bimilenaria.

A natureza da cidade: reserva da Biosfera: coñecemento do entorno de Lugo a través da actividade físico-deportiva relacionada co xeocaching, a BTT e a escalada en rocha.

SERVIZOS INCLUÍDOS

- Aloxamento no albergue xuvenil Lug2 en réxime de pensión completa.
- Programa de actividades, monitoraxe e material necesario para o correcto desenvolvemento da actividade.
- Desprazamentos durante as actividades.
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

NON SE INCLÚE

O desprazamento de ida dende o centro escolar ata o albergue, e o de volta dende o albergue ao centro escolar.

EQUIPAMENTO DOS PARTICIPANTES

Deberán levar os seus útiles de aseo persoal, toallas, chancletas para a ducha, roupa cómoda, roupa de abrigo e de auga (chuvasqueiro), botas de montaña, calzado deportivo. Recoméndase unha mochila e é obrigatorio un saco de durmir.

INSCRICIÓNS E RESERVAS

A inscrición realizarase unicamente no formulario de solicitude que figura a continuación:

- Formulario de Solicitude: <http://xuventude.xunta.es/2012092810071/abril-aula-xuventur-vive-a-cidade-no-lug2.html>

A inscrición deberá realizala o centro de ensino correspondente. Non se admitirán solicitudes individuais do alumnado. Cada centro de ensino poderá solicitar e participar en diferentes quendas, ata cubrir as prazas.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición comezará o día **20 de Marzo ás 10:00 horas**, e finalizará unha semana antes do inicio de cada quenda.

O formulario esta ao final desta nova.

Non se admitirán as solicitudes cuxa data e hora sexa anterior á sinalada.

ADXUDICACIÓNS DAS PRAZAS

As prazas adxudicaránse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles.

No prazo de 7 días dende o envío da solicitude, enviaráselle ao enderezo electrónico que figure no formulario de inscrición, un correo no que se confirmará, de ser o caso, a adxudicación da praza. De non recibir a comunicación de admisión no prazo de 7 días, entenderase que non se obtivo a praza.

Unha vez comunicada a adxudicación de prazas ao centro educativo por correo electrónico, este disporá dun prazo máximo de 5 días para enviar a documentación correspondente, que se sinale na comunicación de adxudicación, á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. No caso contrario, poderá ser excluído do programa.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

- Son viaxes en grupo e, en consecuencia, débense respectar os horarios establecidos, tanto para as saídas programadas como para os servizos opcionais. Así mesmo, durante o desenvolvemento da actividade deberá manterse un comportamento acorde coas normas de convivencia e un trato correcto cos demais participantes e co persoal da organización.
- Durante a estadía nos aloxamentos, respectaranse as normas de organización interna en cada un deles.
- As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo. Poderá tamén cancelarse, no caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.
- A realización e o desenvolvemento das actividades estará condicionada polas condicións meteorolóxicas xerais.
- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas, no caso de que non exista un número mínimo de participantes.
- Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal da actividade, a persoa poderá ser expulsada do programa. Neste caso, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado non se fará responsable da viaxe de volta da devandita persoa, nin reembolsará ningunha cantidade económica.
- Será necesario levar a tarxeta sanitaria durante a viaxe.

DEVOLUCIÓN DA COTA DE PARTICIPACIÓN

Só se procederá á devolución da cota de participación cando, por causas non imputables ás persoas interesadas, o servizo non se preste ou a Administración cancele a actividade.

- Descarga aquí o PDF informativo: http://xuventude.xunta.es/uploads/Folleto_Vive_a_Cidade.pdf

Curso básico sobre violencia de xénero en Santiago de Compostela



Martes, 19 Marzo 2013 12:29

O Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil convoca **un curso básico sobre violencia de xénero** que terá lugar en Santiago de Compostela.

- **Obxectivo:** Ofrecer aos mozos un marco conceptual básico e diferentes formas de prevención sobre a violencia de xénero.
- **Destinatarios/as:** mozos e mozas interesados de 18 a 25 anos de idade posuidores do Carné Xove.
- **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación das solicitudes.
- **Nº de horas:** 8

- **Nº de prazas:** 15

• Contidos:

1. Conceptos básicos: sexo, xénero e violencia de xénero.
2. Estudos sobre xénero.
3. Análise histórico sobre os roles de xénero.
4. Machismo/Feminismo.
5. Diferentes formas de maltrato.
6. Formas de prevención ante a violencia de xénero.

- **Modalidade de impartición:** presencial.

- **Data de realización:** 4, 5, 8 e 9 de abril de 2013 das 11:00 ás 13:00 horas

- **Sesións presenciais:** tódalas sesións son presenciais.

- **Lugar de realización:** Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. Praza do matadoiro s/n (Santiago de Compostela).

- **Data de inscrición:** do 20 ao 30 de marzo de 2013.

A inscrición no curso farase mediante o seguinte formulario:

- Formulario de inscrición: <http://xuventude.xunta.es/2013022610077/violencia-de-xenero.html>

Os participantes seleccionados recibirán un correo de confirmación.

- Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Praza do matadoiro s/n - Santiago de Compostela

Tfno: 881 997 607

Tfno 2: 881 997 604

Promocións Carné Xove: Roteiros Aventúrate na montaña - O Xurés dende outra mirada



Mércores, 20 Marzo 2013 10:10

Características do programa

Aloxamento no Complexo Turístico Deportivo de O Corgo (Muíños - Ourense)
- Pdf do programa: http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2013/marzo2013/Aventurate_no_Xu-res.pdf

Incorporación o venres a partir das 19.00 horas no *Complexo Turístico Deportivo de O Corgo*.

- **Duración:** 3 días e 2 noites.
- **Número de participantes:** 25 persoas por fin de semana.

Datos:

24-26 Maio | 21-23 Xuño | 6-8 Setembro

Actividades:

Durante o fin de semana, descubriremos o corazón do Xurés dende unha mirada imposible de repetir. Achegarémonos ao corazón da reserva natural onde o paso está restrinxido, para coñecer de primeira man cales son os tesouros que garda o parque natural. Gozaremos de recunchos non accesibles para o público xeral e poderemos gozar tamén da versión máis lúdica que nos oferta o parque natural coas actividades náuticas.

- Actividades náuticas; vela e expedición kaiak ata o Campamento Romano Aquis Querquenis.
- Actividade extrema de puenting.
- Baño nas Termas do Río Caldo.
- Avistamento e rastrexo de fauna salvaxe na Reserva da Biosfera
- Baixa Limia- Serra do Xurés.
- Técnicas de orientación e GPS na montaña.
- Roteiro interpretativo ambiental pola Reserva da Biosfera Baixa Limia- Serra do Xurés.
- Coñecemento cultural e etnográfico pola aldea de Salgueiros a través dun Xeocaching (en plena Reserva Natural).
- Veladas lúdicas.

Programa:

Venres	19.00 Recepción de participantes e presentación do programa.
	21.30 Cea.
	22.30 Dinámicas lúdicas de presentación.
Sábado	09.00 Almorzo.
	10.00 Comezo do roteiro interpretativo pola Reserva Natural do Xurés.
	14.30 Xantar de campo na aldea de Salgueiros (en plena Reserva Natural).
	15.30 Coñecemento cultural e etnográfico pola aldea de Salgueiros a través dun Xeocaching.

	19.00 Fin do roteiro.
	19.30 Baño nas Termas do río Caldo.
	21.30 Cea.
	22.30 Velada nocturna.
Domingo	09.00 Almorzo.
	10.30 Actividade extrema de puenting.
	14.30 Xantar.
	16.00 Actividades náuticas; vela e expedición kaiak ata o Campamento Romano Aquis Querquenis.
	19.30 Fin do programa.

Inclúe:

- Pernoceta no Complexo Turístico Deportivo de O Corgo (Muíños).
- Manutención durante o fin de semana.
- Material para a realización das actividades náuticas e material de orientación (GPS, compases e mapas) e prismáticos para a observación de fauna.
- Monitores e guías durante as xornadas.
- Seguro de responsabilidade civil.

Prezos:

- Prezo por participante sen Carné Xove: 91 euros
- Prezo con Carné Xove: 82 euros

Para inscricións e máis información:
info@sustinea.org - Telf.: 668 874 900

Promocións Carné Xove: Roteiros Aventúrate na montaña - Aventúrate na Enciña Lastra



Mércores, 20 Marzo 2013 10:29

O Parque Natural da Serra Enciña da Lastra

O *Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra* está situado na zona nordés da provincia de Ourense, no concello de Rubiá, comarca de Valdeorras, e foi declarado Parque natural no ano 2002.

Ten unha extensión de 3.151,67 ha, e unha altitude media de 684 m. É un val calcario de pendentes pronunciadas e cantís nos que se instalan mato e fragas mediterráneas. Área de especial interese

pola súa fauna, en particular polas súas poboacións de aves rapaces, entre as que destaca a presenza de aguia real e o falcón peregrino. A abundancia de covas - que aquí se denominan palas - propicia a existencia de numerosas colonias de morcegos, das máis importantes de Galicia.

Outro punto de interese radica na presenza de pasteiros mediterráneos característicos de zonas rochosas de montaña.

• **Características do programa**

Aloxamento no Refuxio de Covas.

- Pdf do programa: http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2013/marzo2013/Aventurate_na_Encina_da_Lastra.pdf

Incorporación o venres a partir das 19:00 horas no pobo de Covas (Rubiá-Barco de Valdeorras).

• **Duración:** 3 días e 2 noites.

• **Número de participantes:** 20 persoas por fin de semana.

• **Datas:**

17-19 Maio | 28-30 Xuño | 30-1 Setembro

• **Actividades**

Durante o fin de semana, mergullarémonos nas actividades de aventura en pleno corazón do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, recibindo así unha iniciación a kaiak, espeleloxía, e xeocaching e realizando deportes extremos coma o puenting.

Achegarémonos a lugares non coñecidos, especiais polas súas características naturais e paisaxísticas. Todo isto combinado coa inmersión na historia arqueolóxica das Covas de Pardollán en Rubiá.

- Actividades náuticas: expedición kaiak dende Baliñas ata o embalse de Covas.
- Actividade extrema: puenting.
- Técnicas de orientación e GPS na montaña.
- Xeocaching nocturno.
- Expedicións espeleolóxicas.
- Actividades nocturnas de observación de fauna.
- Roteiro interpretativo ambiental polo Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra.
- Veladas lúdicas.

• **Programa**

Venres	19.00 Recepción de participantes.
	21.30 Cea.
	22.30 Velada lúdica de presentación.
Sábado	09.00 Almorzo.
	10.00 Roteiro interpretativo ambiental polo Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra.
	14.00 Xantar.
	16.00 Expedicións espeleolóxicas.
	21.30 Cea.
	22.30 Xeocaching nocturno.

Domingo	09.00 Almorzo.
	10.00 Actividade extrema: Puenting.
	14.00 Xantar.
	16.00 Expedición kaiak dende Baliña ata o Encoro de Covas.
	19.30 Remate actividade e despedida.

• **Inclúe:**

- Aloxamento no Refuxio de Covas (Rubiá- Barco de Valdeorras).
- Manutención durante o fin de semana.
- Material para a realización das actividades náuticas e material de orientación (GPS, compases e mapas) e prismáticos para a observación de fauna.
- Monitores e guías durante a xornada.
- Seguro de responsabilidade civil.

• **Prezos:**

- *Prezo por participante sen Carné Xove:* 94 euros
- *Prezo con Carné Xove:* 85 euros

Para máis información:

info@sustinea.org - Telf.: 668 874 900

CONDUCE TI (CURSOS DE CONDUCCIÓN SEGURA)



Xoves, 21 Marzo 2013 00:00

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar* da Xunta de Galicia, un ano máis, pon en marcha cursos **Conduce Ti: cursos de formación en conducción segura** co obxectivo de achegar á mocidade actitudes seguras no uso do vehículo baseada no coñecemento dos factores de risco, dos sistemas de seguridade do automóbil e da técnica de conducción.

• **Destinatarios:**

Mozos e mozas entre 18 a 30 anos, imprescindible que saiban conducir.

Non é preciso que sexan titulares de permiso, xa que, a escola dispón de homologación da DGT.

• **Datas e lugares de realización:**

Os cursos impartiranse nas instalacións da Escola Galega de Condutores San Martín SL
Plataforma de Estacionamento nº 2

Polígono Industrial de Teixeira
15310 Teixeira - Curtis (A Coruña).

• Desenvolveranse nas seguintes fins de semana:

Marzo	Abril	Maio	Xuño
Sábado 16	Sábado 20	Sábado 11	Sábado 1
Domingo 17	Domingo 21	Domingo 12	Domingo 2
	Sábado 27		Sábado 8
	Domingo 28		Domingo 9

• Inscripcións:

Número de prazas máximo de 15 por día.

As persoas interesadas neste programa poderán facer a reserva da praza, dende o día 01 de marzo de 2013 e ata cubrir a totalidade das prazas enviando o correspondente formulario que está a súa disposición ao final desta páxina.

A cota de inscrición será de 30€ e os posuidores/as de Carné Xove pagarán 24 € (20 % de desconto)

Unha vez confirmada a reserva da praza, darase a información oportuna para facer o ingreso nun prazo máximo de 48 horas, de non realizarse o pagamento a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado disporá da praza reservada.

• Programa, normas e horario de desenvolvemento da actividade:

O curso desenvolve unha parte teórica de clases teóricas e técnicas de condución e aula virtual para a concienciación e socialización e clases prácticas con manexo de vehículo tipo turismo.

• Horario:

- 08:55 h recepción de participantes e entrega de documentación.
- 09.00 h clase práctica: simulador de superficies esvaradías.
- 10.00 h clase teórica.
- 12.00 h clase práctica: Freada con ABS.
- 12:45 h clase práctica: Freada con avaría.
- 13:30 h descanso. Xantar (por conta do participante)
- 15:00 h clase práctica: Sláalom.
- 16:00 h clase práctica: Círculo de Kann.
- 17:00 h aula técnica.

Ao comezo da actividade os monitores/formadores solicitarán, a cada participante, o DNI ou documento acreditativo semellante.

A persoa que non figure como participante ou non teña abonada a cota correspondente segundo os datos da organización, será excluída.

Os cambios de titularidade na praza deben ser consultados e autorizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, onde se fixo a inscrición.

As actividades poderán sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas.

Para máis información:

www.xuventude.xunta.es - xuventude@xunta.es

Teléfonos : 981 554 854 , 981 541 688 e 981 544 645

- Formulario de inscrición: <http://xuventude.xunta.es/201209289880/cursos-de-conducion-segura-conduce-ti.html>

Campamento de Surf na praia do Razo, Carballo. A Coruña



Xoves, 21 Marzo 2013 10:31

Art Surf Camp organiza esta semana santa un campamento de surf na praia de Razo.

Este campamento de surf está dirixido a todas as idades e niveis dende iniciación ata perfeccionamento. O aloxamento é nun albergue totalmente regulado a pé de praia con todas as actividades e a pensión completa incluída.

• **Data de celebración:** do 27 de marzo ao 31 de marzo de 2013

• **Prezo:** 270 €.

Máis información: www.artsurfcamp.com

Gañador de 2 prazas para o programa de Multiaventura Roteiros Multiaventura Vértigo co Carné Xove



Venres, 22 Marzo 2013 11:54

O gañador do sorteo realizado este venres, 22 de marzo, dentro do programa do Carné Xove, e no que o premio consistía nun lote de 2 prazas para o **programa de Multiaventura ROTEIROS MULTIAVENTURA VÉRTIGO**, foi:

JORGE MANUEL LÓPEZ FERRO

• **Empresa organizadora:** Naturmaz

• **Data:** Do 19 ao 21 de abril

• **Lugar:** Mazaricos

Máis información aquí: <http://xuventude.xunta.es/201301109425/promocions-carne-xove-vertigo-2013.html>

NORABOA!!!!

Sorteo: Navega co teu Carné xove



Venres, 22 Marzo 2013 11:58

Queres practicar kaiak na Ría de Pontevedra...Só tes que coller o teu carné xove e participar no sorteo desta semana.

Sorteamos un lote de 2 prazas para o programa de Multiaventura ROTEIROS COÑECENDO A NOSA COSTA.

• **Empresa organizadora:** Tierra y mar

• **Datas:** 28 abril

• **Lugar:** Ruta 8. Ría de Pontevedra (Raxó–Marín–Aguete–Raxó).

- Máis información:

<http://xuventude.xunta.es/201301299622/promocions-carne-xove-roteiros-conecendo-a-nosa-costa.html>

Podes participar enviando xa o formulario e ata as 9.00 h do luns, día 1 de abril.

Aquí podes consultar as bases do sorteo: http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/carnes_mocidade/bases_sorteo_carne_xove.pdf.

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Curso básico sobre violencia de xénero en Santiago de Compostela



Martes, 19 Marzo 2013 12:29

O Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil convoca un curso básico sobre violencia de xénero que terá lugar en Santiago de Compostela.

• **Obxectivo:** Ofrecer aos mozos un marco conceptual básico e diferentes formas de prevención sobre a violencia de xénero.

• **Destinatarios/as:** mozos e mozas interesados de 18 a 25 anos de idade posuidores do Carné Xove.

• **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación das solicitudes.

Nº de horas: 8

• **Nº de prazas:** 15

• **Contidos:**

1. Conceptos básicos: sexo, xénero e violencia de xénero.
2. Estudos sobre xénero.
3. Análise histórico sobre os roles de xénero.

4. Machismo/Feminismo.

5. Diferentes formas de maltrato.

6. Formas de prevención ante a violencia de xénero.

• **Modalidade de impartición:** presencial.

• **Data de realización:** 4, 5, 8 e 9 de abril de 2013 das 11:00 ás 13:00 horas

• **Sesións presenciais:** tódalas sesións son presenciais.

• **Lugar de realización:** Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil. Praza do matadoiro s/n (Santiago de Compostela).

• **Data de inscrición:** do 20 ao 30 de marzo de 2013.

A inscrición no curso farase mediante o seguinte formulario:

- Formulario de inscrición: <http://xuventude.xunta.es/2013022610077/violencia-de-xenero.html>

Os participantes seleccionados recibirán un correo de confirmación.

- Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil


Praza do matadoiro s/n - Santiago de Compostela

Tfno: 881 997 607 - Tfno 2: 881 997 604

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitores especialistas en técnicas de aire libre e medio ambiente da ETL Fervenza



Martes, 19 Marzo 2013 14:24


A Escola de Tempo Libre Fervenza vai impartir un curso de monitores especialistas en técnicas de aire libre e medio ambiente do 27 ao 31 de marzo en Sta. Mª. de Oia(Pontevedra).

• **Prezo:** 130 euros (inclúe material do curso, documentación, formadores, alimentación, aloxamento en tendas de campaña, duchas...seguemento das prácticas, seguro de R.C., etc.)

Máis información:
Tfno.: 606 321 636
<http://www.escolafervenza.es>
E-mail: fervenza@arrakis.es; secretario@escolafervenza.es

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Lectorados MAEC-AECID en universidades estranxeiras para o curso 2013/2014



Venres, 22 Marzo 2013 09:13

A *Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento* convoca lectorados MAEC-AECID en universidades estranxeiras para o curso 2013/2014.

• **Requisitos:**

1. Nacionalidade española.
2. Licenciado ou doutor por unha universidade española en: Filoloxía, Lingüística, Teoría da Literatura, Tradución e Interpretación ou Humanidades.

3. Formación específica na didáctica do español.

4. Experiencia docente do idioma español, e/ou de literatura en español.

5. Coñecementos do idioma oficial do país solicitado, ou doutro habitualmente aceptado nel como de comunicación universitaria

6. Idade, non superior aos 37 anos á data de incorporación ao lectorado.

O **prazo de presentación** das solicitudes estará aberta ata o **11 de abril de 2013**.

Máis información no BOE do 22 de marzo de 2013 e en: www.aecid.gob.es.

BOLSAS E AXUDAS IDIOMAS

Actividades de formación en linguas estranxeiras no verán 2013



Venres, 22 Marzo 2013 07:40

A *Consellería de Educación* convoca axudas para realizar as actividades de formación lingüística durante o ano 2013 dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia.

O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto de 2013.

• **Requisitos:**

- a) Estar cursando, en centros sostidos con fondos públicos, durante o curso 2012/13, en Galicia, algún dos seguintes cursos:
1º, 2º, 3º e 4º da ESO
1º ou 2º de bacharelato e ciclos formativos de grao superior.
- b) Ter superadas todas as áreas, materias ou módulos no curso 2011/12.
- c) Ter acadado no curso 2011/12 unha cualificación mínima de ben no 6º curso de educación primaria para o alumnado de 1º de educación secundaria obrigatoria, e de 6 para o de 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de ciclos formativos, na área, materia ou módulo de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.

• **Destinos:**

Ciclos formativos superiores de formación profesional: Canadá.

2º bacharelato e 1º bacharelato: Canadá, Reino Unido e Francia.

3º e 4º educación secundaria obrigatoria: Inglés en Galicia no CDR de Vigo (<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>)

1º e 2º educación secundaria obrigatoria: Inglés en Galicia no CDR de A Coruña (<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>)

O **prazo de presentación** de solicitudes estará aberto ata o **22 de abril de 2013**.

As solicitudes poden tramitarse en: <https://sede.xunta.es> co procedemento ED504B.

Máis información no DOG do 22 de marzo de 2013 e en: <http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

BOLSAS E AXUDAS

FORMACION PRACTICA

Convocatoria Becas Rock Camp 2013



Xoves, 21 Marzo 2013 10:17

Acampalia convoca ás *Becas Rock Camp*, para participar no campamento musical rock, que se realizará este verán na provincia de Soria. Nesta convocatoria ofértanse 5 bolsas para nenos e mozos de entre 10 e 17 anos, unha por cada unha das categorías que se desenvolven no campamento: voz, guitarra, baixo, batería e teclado.

Para poder participar será necesario enviar un vídeo dunha duración aconsellada de 45-50 segundos, onde se mostren as capacidades musicais e artísticas.

A data límite para a recepción de vídeos é o **2 de xuño de 2013** e as bolsas resolveranse entre os días **10 e 12 de xuño de 2013**.

Máis información: www.rockcamp.es/beca

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

Subvencións para a cooperación ao desenvolvemento



Xoves, 21 Marzo 2013 09:07

A *Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento* convoca subvencións para o financiamento de congresos, seminarios e xornadas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento que se vaian realizar durante o ano 2013 (<http://www.boe.es/boe/dias/2013/03/21/pdfs/BOE-A-2013-3104.pdf>).


• **Requisitos:**

- Persoas físicas: Ter cumprido a maioría de idade.
- Persoas xurídicas: Estar legalmente constituída.
- Carecer a súa actividade de fins de lucro.

Dispoñer dos medios e a capacidade suficientes para realizar as actividades e garantir o cumprimento dos obxectivos previstos nas devanditas actividades.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **16 de abril de 2013**.
Máis información no BOE do 21 de marzo de 2013

Axudas para actividades de biodiversidade terrestre



Xoves, 21 Marzo 2013 10:52

A *Fundación Biodiversidade* convoca axudas, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade mariña e litoral, o cambio climático e a calidade ambiental para o ano 2013.

Poden solicitálas as entidades e organizacións sen ánimo de lucro.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de xullo de 2013**.

Máis información na web da Fundación Biodiversidade: www.fundacion-biodiversidad.es.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

IX Premio a artigos xornalísticos normalizadores



Martes, 19 Marzo 2013 08:06

O *Concello de Carballo*, desde o seu Servizo de Normalización Lingüística (SNL) e en colaboración cunha ducia de medios de comunicación, convoca o **IX Premio a artigos xornalísticos normalizadores**, un certame xa consolidado que ten como obxectivos promover a reflexión sobre a situación social da lingua galega, crear espazos nos xornais para analizar e fomentar o uso e prestixio do idioma galego e promover o seu uso na prensa.

O **prazo de admisión** está aberto ata o **11 de abril de 2013**.

Outorgarase un premio económico ao artigo gañador, dotado con 1.000 euros, ademais da difusión nos doce medios colaboradores coa iniciativa.

Máis información: www.carballo.org

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIÓNS, CERTAMES E CONCERTOS

V Concurso de deseño TalentosDesign'13

V CONCURSO DE DISEÑO

Xoves, 21 Marzo 2013 10:06

TALENTOSDESIGN'13

A Fundación Banco de Santander convoca un **concurso de deseño** para universitarios e estudantes de ensino superior, cuxo obxectivo é fomentar, recoñecer, difundir e premiar a creatividade e o ta-

lento no marco do deseño e entre este colectivo.

Defínense cinco categorías temáticas ás que se poderán presentar as obras ou proxectos a concurso:

- Espazos e interiorismo
- Industrial ou produtos
- Gráfico
- Moda e téxtil
- Dixital

Para participar será necesario que os concursantes sexan usuarios de Universia ou se rexistren a través de: <http://talentosdesign.fundacionbancosantander.com>. Será necesario subir á web as obras en formato dixital ou en formato vídeo.

Os proxectos deben ser inéditos ou estar producidos. En todo caso, os participantes deberán ser lexítimos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial das obras presentadas. Cada concursante poderá presentar un máximo de dúas obras por categoría, é dicir, un máximo total de 10 obras e, dentro de cada categoría, haberá completa liberdade de tendencia artística.

É requisito indispensable que os participantes estean matriculados no curso académico 2012-2013.

• **Dotación:**

- *Primeiro premio:* 5.000 € brutos e a exposición da obra.

Cinco accésits de 2.500 € brutos cada un.

O **prazo** para presentar traballos estará aberto ata o **6 de xuño de 2013**.

Máis información en: <http://talentosdesign.fundacionbancosantander.com>.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Convocada 1 praza de policía local no Concello de Santa Comba (A Coruña).

Luns, 25 Marzo 2013 10:38

O *Concello de Santa Comba*, convoca esta praza polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE. Máis información BOE do 20 de marzo de 2013.

Convocadas 15 prazas de axentes da Facenda Pública

Luns, 25 Marzo 2013 10:39

O *Ministerio de Facenda e Administracións Públicas*, convoca 15 prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contadas a partir da publicación no BOE. Máis información BOE do 21 de marzo de 2013.

Convocadas prazas de inspectores de Facenda do Estado.

Luns, 25 Marzo 2013 10:40

O *Ministerio de Facenda e Administracións Públicas*, convoca 15 prazas de inspector de facenda por acceso libre, e 15 prazas por promoción interna que de non ser cubertas, pasarían ó sistema de acceso libre. O sistema de selección é por oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días desde a publicación no BOE. Máis información BOE do 21 de marzo de 2013.

Convocadas 40 prazas do corpo técnico de Facenda do Estado.

Luns, 25 Marzo 2013 10:41

O *Ministerio de Facenda e Administracións Públicas*, convoca 40 prazas polo sistema de oposición de técnicos de Facenda.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días contados desde a publicación no BOE.
Máis información BOE do 21 de marzo de 2013.

Convocadas 19 prazas da Escala Técnica Básica de Investigación da Universidade de Valencia.

Luns, 25 Marzo 2013 10:41

Esta Universidad convoca 19 prazas polo sistema de concurso-oposición.

O *prazo* de presentación de solicitudes é de 20 días.
Máis información BOE do 21 de marzo de 2013.

Convocadas 25 prazas de Científicos Titulares dos Organismos Públicos de Investigación.

Luns, 25 Marzo 2013 10:45

O *Ministerio de Economía e Competitividad*, convoca 25 prazas de científicos, polo sistema de concurso.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 desde a publicación.
Máis información BOE do 23 de marzo de 2013.

Convocada 1 praza temporal la licenciado ou enxeñeiro superior na UDC.

Luns, 25 Marzo 2013 10:55

A Universidade da Coruña, convoca 1 praza temporal ata o 31 de marzo de 2014 para licenciado ou enxeñeiro superior.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 10 días desde a publicación.
Máis información: www.udc.es.

Convocadas 3 prazas temporais para enxeñeiro industrial na UDC

Luns, 25 Marzo 2013 10:57

A *Universidade da Coruña*, convoca 2 prazas temporais (4 meses) e 1 praza (8meses), como colaboradores en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 10 días a partir da publicación da convocatoria.
Máis información: www.udc.es.

Convocada 1 praza temporal para licenciado ou doutor en Química na UDC.

Luns, 25 Marzo 2013 10:58

A *Universidade da Coruña*, convoca 1 praza temporal (12 meses) como colaborador en tarefas de proxecto de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **5 de abril de 2013**.
Máis información: www.udc.es.

Convocada 1 praza temporal para enxeñeiro informático na UDC

Luns, 25 Marzo 2013 11:00

A Universidade da Coruña, convoca 1 praza temporal (8 meses) como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 10 días desde a publicación.
Máis información: **www.udc.es**.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Enxeñeiros/as en construción e obra civil

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)

nº oferta: 12/2013/1093

- Requisitos:

xefe/a de obra enxeñeiro/a industrial, para edificación de nave industrial. imprescindible experiencia en edificación de naves industriais

Tapiceiros/as de mobles

- Localidade: Coles (Ourense)

nº oferta: 12/2013/1338

- Requisitos:

necesítanse tapiceiros/as de mobles con 24 meses de experiencia.

Operadores/as de máquinas industriais de coser e bordar, en xeral

- Localidade: coles (ourense)

nº oferta: 12/2013/1343

- Requisitos:

necesítanse operadores/as de máquinas industriais de coser e bordar con 24 meses de experiencia

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: sanxenxo (pontevedra)

nº oferta: 12/2013/1371

- Requisitos:

necesítase cociñeiro/a con experiencia. carné de manipulador de alimentos.

Cerralleiros/as

- Localidade: oleiros (a coruña)

nº oferta: 12/2013/1428

- Requisitos:

necesítanse cerralleiros/as con 48 meses de experiencia.

Cristaleiros/as de edificios

- Localidade: oleiros (a coruña)

nº oferta: 12/2013/1429

- Requisitos:

necesítanse cristaleiros/as de edificios con 48 meses de experiencia. permiso de conducir.

Axentes comerciais

- Localidade: ourense

nº oferta: 12/2013/1432

- Requisitos:

axente comercial para venda no sector de telecomunicacións. contrato mercantil.

Mecánicos/as de mantemento e reparación de automoción, en xeral

- Localidade: santiago de compostela (a coruña)

nº oferta: 12/2013/1479

- Requisitos:

necesítase mecánico/a oficial de primeira con 24 meses de experiencia para a zona de santiago de compostela.

Mais Información: Teléfono: 902 125 000

Soldador

Luns, 25 Marzo 2013 08:52

Empresa Navarra necesita soldador experimentado en tubería Inox con Tig.

Para traballo de dous meses en Navarra para despois ir a obra en Sudamérica.

Contactos: Sr. José 606 946 349

La Voz de Galicia do domingo 24 de marzo de 2013.

Un Encargado

Luns, 25 Marzo 2013 08:53

Empresa de montaxes eléctricos necesita incorporar un encargado para montaxe de subestación eléctrica en Panamá. Imprescindible aportar experiencia en obras semellantes. Interesados enviar cv a: rrppelectricidad@gmail.com.

La Voz de Galicia do domingo 24 de marzo de 2013.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

OMIX

Curso de contacontos en Baiona

CURSO DE CONTACONTOS

Sábado 6 de Abril de 2013
De 9 a 14h e de 16 a 21h.

Prezo 10 €

Centro Multiusos Angel Bedriñana
Maiores de 18 anos
Solicitudes ata o 4 de Abril ou ata
cubrir prazas
Información e inscricións na OMIX



A inscricións faranse na Oficina de Rexistro do Concello de Baiona en horario de 9 a 14 h.
Máis información na OMIX ou no teléfono 986385925.

Mércores, 20 Marzo 2013 12:20

A *Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)* do Concello de Baiona organiza un **Curso de Contacontos** para o vindeiro sábado 6 de abril de 2013.

Este curso está dirixido a Maestros, educadores, animadores, monitores de tempo libre, empregados de ludotecas, ect.. maiores de 18 anos.

A **duración** do curso é de 10 h. en horario de 9 a 14/16 a 21 h. e terá lugar no Centro Multiusos Ángel Bedriñana (Plaza de Abastos) de Baiona.

O curso será impartido pola Escola de Tempo Libre Actex e ten un **prezo** de **10 euros**.
O **prazo** de solicitudes está aberto ata o 4 de abril ou ata agotar as prazas dispoñibles.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

CASAS DA XUVENTUDE

24 HORAS TEATRAIS no E. Xove de Ourense



Mércores, 20 Marzo 2013 08:27

22 de marzo a la(s) 22:00 - 23 de marzo a la(s) 22:00

Vintecatro horas de artes escénicas ininterrompidas. Teatro, maxia, danza, musica e demais disciplinas artísticas mesturadas nun só espazo co fin de vivir unha máxica velada chea de sorpresas e de moita, moita, moita diversión. Non vola perdades, agardámosvos a tod@s! Desde as 10 da noite do Venres 22 de Marzo ata as 10 da noite do Sábado 23, no Espazo Xove de Ourense. ENTRADA LIBRE!!!!

Obradoiro de Bisutería.



Domingo, 24 Marzo 2013 21:14

O *espazo xove de Vilagarcía* organiza un curso de bisutería para traballar con fimo e abalorios e realizar diferentes pezas de xoiería.

Dirixido a xóvenes de 14 a 30 anos dará comezo o próximo 3 de Abril en horario de 18:00 a 20:00.

Obradoiro de Coiro.



Domingo, 24 Marzo 2013 21:21

O *espazo xove de Vilagarcía* organiza un curso de coiro para realizar diferentes pezas con este material e diferentes cosidos.

Dirixido a xóvenes de 14 a 30 anos dará comezo o próximo 5 de Abril en horario de 19:00 a 21:00.

Obradoiros de comunicación

Domingo, 24 Marzo 2013 21:27

No *espazo xove de Vilagarcía* o próximo día 2 e 4 de Abril haberá dous modelos de obradoiro de catro horas de duración cada un. No primeiro, titulado '**Comunicación e relacións humanas emprendedoras**', abordarase a capacidade de comunicación nun entorno onde as relacións se establecen por confianza. Traballarase a psicoloxía e socioloxía da linguaxe tanto verbal e non verbal e a comunicación para ser mais eficaces e o reforzo de actitudes para ser mais influentes.

O segundo dos obradoiros será o de '**Comunicación para falar en público**', que ten por finalidade saber defenderse con fortaleza e seguridade en calquera situación onde se teña que falar en público.

Todos aqueles interesados pódense inscribir na páxina: xuventude.net.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net